



O teu Concello informate

Anteproxecto de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Porto

O Concello de Paderne ven de recibir a comunicación, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, da inclusión, no Plano Hidrolóxico de Galicia, das obras **ANTEPROXECTO DE COLECTORES XERAIS E EDAR DE PORTO** cun orzamento de execución de **2.022.862,34 €**.

Para a execución de ditas obras solicítase que o Concello adopte, en Sesión Plenaria, os seguintes acordos:

- 1.- Aprobación do anteproxecto
- 2.- Solicitar, a Augas de Galicia, o financiamento do custo total das obras
- 3.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas para a realización destas
- 4.- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras
- 5.- Que se expoña ao público o anteproxecto durante vinte días hábiles
- 6.- Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

O Alcalde vai a someter ditos acordos a aprobación do Pleno a fin de poder levar adiante tan importantes obras para o noso medio ambiente e de mellora para as infraestruturas municipais.



O Alcalde e os Concelleiros de Obras e Servizos supervisando os Proxectos

Excursión a Verín

Realizouse o día 19 de febreiro co fin de poder disfrutar do Entroido de Verín no que centos de peliqueiros e cigarróns, xunto coas comparsas e charangas, animan as rúas da localidade.

Despois da comida, aproveitouse para visitar o famoso Castelo de Monterrey situado nun alto desde o que se contempla o país veciño.



Algúns dos asistentes co Alcalde despois da comida

Entroido

O Concello de Paderne despideu a festividade do Entroido, coa celebración do concurso de disfraces para grandes e pequenos no campo de O Telleiro.

A orixinalidade volveu a destacar un ano máis presentando, tanto na modalidade de comparsas como en individuais, disfraces sorprendentes que encheron de colorido a carpa onde se celebrou a festa.

Os presentes puideron disfrutar tamén de comida e bebida mentres a música e a festa animaban o lugar de O Telleiro.



Desenvolvemento do acto do Día da Muller

Día da Muller

O pasado 8 de marzo, o Concello de Paderne sumouse o milleiro de actos conmemorativos que, con motivo do Día Internacional da Muller, se levaron a cabo en todo o mundo.

Participaron maiores do Concello expoñendo o que foi a evolución da situación da muller tal e como eles a viviron. Neste acto, quixo tamén terse en conta a aportación dos rapaces novos de Paderne que ofreceron a súa visión nunha data tan significativa.

Aniversario do centro de maiores

Foron necesarios tres autobuses para desprazar ós socios que quixeron festexar o 4º aniversario do Centro de Miores o pasado día 14 de marzo. A programación da mañá repartíuse entre a visita á cidade de Santiago de Compostela e as dependencias do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA).

A comida, presidida polo Alcalde, realizouse nun coñecido restaurante de Cerceda. Como recordo deste día todos contaron cun pequeno agasallo e, seis socios afortunados, tamén resultaron agraciados coas cestas do sorteo. Rematou a celebración cunha animada sesión de baile.



O Alcalde co primeiro dos grupos que realizou a visita ó MUPEGA

Inauguración do local sociocultural de Quintas

Rematada a construción do local sociocultural de Quintas grazas a unha importante achega da Deputación de A Coruña, o Alcalde presentouno ós veciños no acto de inauguración do pasado domingo 18 de marzo.

O presidente da A.A.V. de Quintas, en representación de toda a parroquia, agradeceu as novas instalacións que contaron, para este día, coa presenza do Presidente e a Vicepresidenta da Deputación de A Coruña.

Pola mellora do medio ambiente... ¡recicla!



CONTEDORES COMÚNS:
Depositar as bolsas pechadas e só con materia orgánica.



CONTEDORES DE ENVASES LIXEIROS:
(Amarelos): Envases plásticos, latas e briks.



CONTEDORES DE CARTÓN:
(Azuis): Depositar envases de papel e cartón.



CONTEDORES DE VIDRO:
(Verdes): Depositar unicamente ensases de vidro.

¡¡Non se deben verter escombros procedentes de obras, vísceras das matanzas caseiras e maleza procedente da limpeza de leiras, ribadas e céspede de xardín!!

SI NON RECICLAS: TEREAMOS QUE PAGAR MÁIS POLA RECOLLIDA DO LIXO

Pola xestión dos recursos hídricos... ¡non fagas un mal uso da auga!

ESTAMOS NA SECA MÁIS GRANDE DOS ÚLTIMOS CEN ANOS, TEN EN CONTA OS SEGUINTE CONSELLOS:

O aforro de auga é labor de todos

Recorda

1 Pecha a villa mentres

Lavas os dentes, te afeitas, non a necesitas



4 A auga é só para uso doméstico

Non regues



2 É mellor unha ducha que un baño

Aforras auga se pechas a ducha mentres te enxabonas



3 Poñer a lavadora e o lavavaixelas cheos

Pódense aforrar ata 50 litros de auga



5 O bo reparto da auga é algo que nos afecta a todos

Usa este ben sen destragalo

Cando detectes algunha anomalía ou desperfecto na traída de augas chama ó teu concello

981 776 302 / 981 797 001

A AUGA É VIDA

O 50% do home é auga

A AUGA É NECESARIA

Só un 3% da auga é potable

Aniversario da AA.V. de Quintas

Vaise a celebrar o domingo 22 de abril. Este aniversario comezará coa celebración dunha misa. A comida será ás 14:30 h; dela poderán disfrutar tódolos socios xunto cos seus invitados.

Romaría da Santa Cruz, en Vigo

Vaise a celebrar o sábado 12 de maio. Os veciños e invitados reúnen para comer todos xuntos na praza da Picota celebrando así este día de festa.

Festa das Flores na parroquia de Obre

A Festa das Flores da parroquia de Obre vaise a realizar, nesta ocasión, o sábado 19 de maio. Para esta festividade, os veciños reúnen no campo da festa e comen todos xuntos de romaría cos seus invitados.

Para estas celebracións o Concello facilita a carpa a fin de que os veciños pasen o día o mellor posible.

Aclaración ós veciños sobre a fusión dos concellos

Ante a preocupación manifestada por moitos veciños sobre as noticias que veñen a aparecer ultimamente nos medios de comunicación sobre a fusión dos concellos, o Alcalde de Paderne quere manifestar que:

- 1.-O Concello de Paderne nunca tivo conversas nin, polo tanto, negociacións ó respecto, con ningún concello veciño.
- 2.-O Concello de Paderne, buscando unha mellora na xestión dos recursos, si ten establecido algún acordo puntual con algúns concellos veciños co fin de sacar un mellor aproveitamento dalgúns recursos e servizos comúns. O único fin destes acordos puntuais é o de xestionar mellor os recursos públicos conveniando o servizo obxecto das conversas.

Considérase de gran importancia realizar estas aclaracións pola confusión que as noticias recentes veñen xerando na poboación en xeral e nas xentes de Paderne en particular, a fin de tranquilizalos e resolverlles as súas dúbidas e temores.

Fotos de recordo dos actos realizados polo Concello

O Concello, ten a disposición dos veciños as fotos da **Cabalgata de Reis** e o **Entroido** para que garden un bo recordo destes días.

Para recollelas, poden pasar pola Oficina Municipal de Información Xuvenil.

Solicitudes á Deputación de A Coruña

O Concello, dende o departamento de servizos sociais, ven de solicitar á Deputación de A Coruña, tres subvencións:

- 1.- Servizos Sociais Especializados: **13.000 €**
- 2.- Envellecemento activo: **6.000 €**
- 3.- Desenvolvemento de políticas de igualdade entre homes e mulleres e loita contra a violencia de xénero: **8.000 €**

Co financiamento solicitado preténdense manter os servizos especializados de podoloxía e balneoterapia así como afianzar o servizo de atención a menores nos períodos vacacionais (aulas de conciliación).

A través da Convocatoria da Deputación Provincial de programas de Apoio á Cultura , ó Deporte e á Promoción Económica durante o ano 2012, o Concello de Paderne ven de solicitar as seguintes axudas para actividades e investimentos:

Actividades culturais, equipamentos e animación: **46.000 €**

Actividades deportivas, infraestructuras e animación: **41.500 €**

Promoción Económica: actividade e infraestructura: **46.700 €**

Solicitudes á Xunta de Galicia

A través da ORDE do 29 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2012 da Consellería de Traballo e Benestar, solicítanse:

- **5** peóns, para enganches saneamento e traída de augas
- **2** auxiliares de axuda no fogar
- **1** auxiliar administrativo e 1 traballador social para o Centro de Maiores
- **1** socorrista para os meses de verán

De **forma coordinada** con outros Concellos, para prestar servizos mancomunados, solicitarase:

Co Concello de Bergondo.- **1** técnico informático e **1** traballador forestal
Co Concello de Betanzos.- **1** técnico en medio ambiente.

Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten prevista a seguinte saída de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para o vindeiro venres 13 de abril. Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h. Os interesados teñen ata o día 10 de abril para solicitar a súa participación. A seguinte cita será o 4 de maio podendo anotarse ata o día 30 de abril.

Charla sobre o Alzheimer

O Concello, a través do programa de Educación Familiar e coa intención de dar resposta á preocupación dos seus habitantes, organiza unha charla divulgativa sobre o Alzheimer co obxectivo de sensibilizar á poboación sobre a problemática que comporta dita enfermidade.

Está prevista para o vindeiro 24 de abril ás 7 da tarde no Salón de Sesións da Casa do Concello e a ela poden asistir tódalas persoas empadroadas no municipio.

Será impartida por técnicos especialistas da Asociación de Familiares Enfermos de Alzheimer de A Coruña (AFACO) que realizarán unha aproximación á mesma desde o punto de vista sanitario, social e psicolóxico realizando tamén un achegamento ás situacións que viven as familias afectadas o que proporcionará ós asistentes un maior e mellor coñecemento sobre o tema.

XI Festa dos Maires

Día 28 de abril no Pavillón Polideportivo Municipal

¿Quen pode participar na festa?

As persoas maiores de 65 anos ou pensionistas maiores de 60 e as súas parellas aínda que non cumpran este requisito con un custo por persoa de **15 €**. Ambos deben de estar empadroados no Concello.

¿Como acudir ó lugar de celebración?

Contarase cun autobús que recollerá ós asistentes polas distintas parroquias.

¿Como pasaremos o día?

13:00 h.- Saúda do Alcalde

13:15 h.- Celebración da Misa de Campaña, cantada pola coral da Asociación de Veciños Albeiro de Velouzás

13:45 h.- Acto de felicitación ós maiores de cada parroquia

14:30 h.- Comida

16:30 h.- Sorteo de regalos

ANÓTATE NO CONCELLO ANTES DO 20 DE ABRIL

Día das Letras Galegas

Celebrámolo o 17 de maio, ás 12:00 h. na praza do Campo da Escola, en Insua, Viñas. Abrirá o acto o Alcalde cunhas palabras de recordo para Valentín Paz Andrade, figura homenaxeada este ano.

Realizaremos tamén a presentación do libro «Vilamourel e os tempos de antes», para a cal contaremos coa presenza da Vicepresidenta da Deputación de A Coruña.

A coral Alcoa-Inespal amenizará este entrañable acto que desexamos compartir con tódolos veciños.

Excursión

O domingo día **3 de xuño** o Programa Paderne en Familia realiza unha nova excursión a terras pontevedresas para visitar o **Castelo de Soutomaior**, tanto as dependencias como os xardíns que recentemente recibiron un recoñecemento a nivel internacional como «Xardíns de Excelencia Internacional». Sendo o único en España que conta con este galardón.

Á tarde iremos á **Festa da Cereixa** en Beade.

Poden acudir persoas empadroadas no Concello de Paderne. O importe é de **25 €**, sendo a hora de recollida polas paradas as **8:00 h** da mañá. Os interesados teñen ata o día 30 de maio para anotarse nas oficinas municipais ou chamando por teléfono.